



A Coruña, 25 de novembro de 2.022.

**Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación**

**ASUNTO: ACTA N°12 TEMP 2022-23**

**Equipos participantes: ASOCIACIÓN CORUÑESA DE WATERPOLO -CLUB WATERPOLO CORUÑA RIAS ALTAS**

**Competición: Liga Galega Waterpolo Cadete.**

**Data de celebración: 13/11/2022.**

**FEITOS**

- O día 15 de novembro foi remitido ao Xuíz Unico acta do encontro e informe adxunto asinado polos arbitros do encontro. No citado informe se recolle:

*"El equipo Club Waterpolo Coruña Rias Altas se presentó a jugar el encuentro con gorros de color blanco.*

*El encuentro se pudo disputar con normalidad ya que los gorros del equipo visitante tenían los laterales negros y se distinguían ambos equipos. "*

- O mesmo día 15 deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen presentar alegacións.

**CONSIDERANDO:**

• O Artigo 27. 11 do Libro IV "das Competicións" (obrigas dos clubs) impon o gorro branco o equipo organizador. Polo tanto o equipo visitante incumpriu a normativa respecto as obrigas dos clubs respecto ao color do gorro.

• Esta ultima actitude se entende incardinable como infracción leve do Art 7 II. a) Para os Clubs, o incumprimento das normas federativas de preparación e dispoñibilidade das instalacións deportivas sendo este tipo de accións recollidas tamen como infracción leve Rexime Disciplinario da RFEN.

**RESOLVE**

- Sancionar ao Club Waterpolo Coruña Rias Altas con 25 euros de multa por infracción leve. (art. 9.III.c).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco  
Comité de Competición da FEGAN